



Biblioteca “O Segrel do Penedo” Un Lugar de Encontro

Benvido/a á Biblioteca do IES de Fene

Máis de 10.000 volumes distribuídos nun local de 180 m² á túa disposición en horario de mañá e tarde, con profesorado que atenderá as túas preguntas e suxestións. Poderás atopar enciclopedias, dicionarios, revistas, películas, prensa diaria, libros especializados de todas as materias, as lecturas obrigatorias de todas as materias, as últimas novidades...

Acude á Biblioteca para:

Estudar e Facer as tarefas e traballos da clase.

Consultar calquera libro.

Buscar información a través de Internet.

Levar en Préstamo libros, películas...

Leer Revistas e a Prensa Diaria.

Botarlle unha ollada ás Novidades.

Pide axuda ao profesorado que nese momento estea ao cargo da biblioteca para que che axude a localizar o material que necesites.

Busca ti mesmo/a os libros que che interesen.



Os libros están distribuídos segundo o tema ou materia de que tratan. Cada tema se divide á súa vez en máis temas e está asociados a un número e unha cor para facilitar a súa busca CDU (Clasificación Decimal Universal)

CDU (A materia) **869.9**

O autor

DOC

O título

mis

1. Polo número que indica a materia.

(Ex. 869.9 Literatura Galega)

2. Dentro de cada materia, por orde alfabética do primeiro apelido do autor (Ex. DOC Xabier P. Docampo)

3. Dentro de cada autor, por orde alfabética do título.

(Ex. mis: O misterio das badaladas)

* Consulta o Cadro de Materias e o Plano da Biblioteca.

Saca en Préstamo ata dous libros ao mesmo tempo. Podes ter os libros en préstamos durante dúas semanas. Se non che dou tempo a ler un libro neses quince días, podes renovar o préstamo por outras dúas semanas máis, o único que tes que facer é acudir á biblioteca co exemplar que queres renovar e falar co profesorado encargado dos préstamos.


¡Esperamos a vosa Visita e as vosas Suxestións!

Cadro de Materias

XENERALIDADES 0	
FILOSOFÍA 1	
RELIXIÓN 2	
CIENCIAS SOCIAIS 3	
CIENCIAS NATURAIS 5	
CIENCIAS APLICADAS 6	
OCIO-ARTE-MÚSICA 7	
LINGUA E LITERATURA 8	
XEOGRAFÍA HISTORIA 9	
 IES DE FENE ies.fene@edu.xunta.es www.iesdefene.org	



Guía de Usuarios/as



Plano da Biblioteca
"O Segrel do Penedo"